



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE PORTOS DE GALICIA E O CONCELLO DE NOIA PARA A EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN “PAVIMENTACIÓN DO CARRIL DE ACCESO AO APARCADOIRO (ECOPARKING PASEO MARÍTIMO)”, E PARA O MANTEMENTO E CONSERVACIÓN GLOBAL DO PASEO MARÍTIMO NO DOMINIO PÚBLICO PORTUARIO DE NOIA .

Santiago de Compostela, a 8 de maio de 2019

REUNIDOS

Dunha parte, José Juan Durán Hermida, presidente de Portos de Galicia, con domicilio aos efectos deste convenio na Praza de Europa, nº 5A, 6º, Área Central, Polígono de Fontiñas, Santiago de Compostela (A Coruña), actuando en nome e representación deste en virtude das facultades que a tal efecto lle confire o artigo 12 da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de Portos de Galicia.

Doutra parte, Santiago Freire Abeijón, alcalde-presidente do Concello de Noia, con domicilio a efectos deste convenio en Rosalía de Castro nº 2, 15200 Noia (A Coruña), facultado para este acto en virtude das competencias que lle recoñece o artigo 21.I.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local e o 61.1º.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen coa capacidade legal necesaria para o outorgamento deste convenio e para o efecto

EXPOÑEN

Entre o Concello de Noia e Portos de Galicia asinouse un convenio de colaboración en data 21 de xuño de 2002, ademais dunha addenda asinada o 22 de decembro de 2014, para o mantemento e conservación do paseo portuario de Noia. Este convenio non foi adaptado a nova lei de procedemento administrativo común no prazo establecido para isto, motivo polo que considerase axeitado incluír o contido do citado convenio no presente, xa que as novas actuacións realízanse dentro do ámbito de actuación.

O Concello de Noia, para dar cumprimento ás súas funcións está interesado en manter as infraestruturas e parques urbanos, mediante unha serie de actuacións coa finalidade de mellorar o pavimento do carril de acceso ao aparcadoiro sito no Muelle do Marqués-Paseo Marítimo.

Nas superficies afectadas pola actuación, procederase á ocupación de terreos de dominio público portuario do porto de Noia.

Con este propósito, o Concello remítelle a Portos de Galicia unha solicitude de autorización, á que acompaña o proxecto técnico descritivo dos traballos e cos planos de ubicación en planta destes denominado: “PAVIMENTACIÓN DO CARRIL DE ACCESO AO APARCADOIRO (ECOPARKING PASEO MARÍTIMO)”, en base ao proxecto técnico asinado en setembro de 2018 por D. Torcuato Gómez Gómez.





Portos de Galicia ten como obxectivos básicos a construción, conservación, mellora, ordenación, xestión e explotación das instalacións, servizos e actividades portuarias que ten adscritas. Co este fin, segue os criterios derivados da busca da modernización e mellora permanente das instalacións e servizos portuarios, a integración dos portos no contorno municipal e social, dinamizando a actividade portuaria, a relación co mar e, en xeral, o fomento da actividade económica no eido dos portos en beneficio da comunidade concentrada na súa zona de influencia.

Polo que, Portos de Galicia contempla, dentro dos seus obxectivos estratéxicos, favorecer a interrelación porto-cidade mediante acordos de colaboración coas diferentes administracións desenvolvendo a planificación urbanística que permita que os cidadáns vexan aos portos como entes xeradores de desenvolvemento nun ámbito compatible coa actividade cívica, polo que está así mesmo interesado nesta mellora.

Dado que os espazos portuarios constitúen unha unidade funcional que desenvolve un proxecto unitario que supón unha zona de interconexión do porto co núcleo de poboación lindante, coa función engadida de servir de solución de continuidade entre a poboación e o porto permitindo o seu uso fundamentalmente aberto ao público e ao núcleo urbano, considérase conveniente que se asine un convenio de colaboración entre Portos de Galicia e o Concello de Noia para a adopción conxuntamente das referidas medidas, de xeito que o Concello de Noia execute estas obras.

A execución de infraestruturas como as que se pretende mellorar polo Concello de Noia, ofrecen un servizo engadido aos usuarios, resulta beneficioso para o propio porto de Noia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro de Contratos del Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

Xa que logo, ambas as dúas administracións acordan regular as súas relacións no que atinxe á execución, conservación, mantemento, limpeza e mellora das citadas obras e formalizan o presente convenio.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

Regular a colaboración entre o Concello de Noia e Portos de Galicia no que atinxe á execución en terreos de dominio público portuario de Noia da obra “PAVIMENTACIÓN DO CARRIL DE ACCESO AO APARCADOIRO (ECOPARKING PASEO MARÍTIMO)”, en base ao proxecto técnico asinado en setembro de 2018 por D. Torcuato Gómez Gómez, así como as bases de colaboración para as actuacións de conservación, reparación, mantemento, limpeza e reposición das obras e elementos de mobiliario urbano definidos no extinto convenio asinado o 21 de xuño do ano 2002 e a addenda do 22 de decembro de 2014, das obras do Ecoparking e como doutras superficies axardinadas ou de paseo non contemplados nestes e que encóntrense deteriorados, segundo plano que se xunta a este Convenio.

Este convenio, derroga e substitúe aos convenios asinados entre Portos de Galicia e o Concello de Noia en data 21 de xuño de 2002 e a addenda de data 22 de decembro de 2014, para o mantemento e conservación do paseo portuario de Noia.





SEGUNDA. COMPROMISOS DO CONCELLO DE NOIA

Coa sinatura do presente convenio, o Concello obrígase ao seguinte:

1. A conservación, reparación, mantemento, limpeza, reposición e mellora no Paseo Marítimo de Noia, do ámbito reflectido no plano anexo ao presente Convenio, incluídas tanto as anteriores obras xa executadas definidas nos proxectos correspondentes, os elementos de mobiliario urbano e paneis informativos, así como as superficies axardinadas ou de paseo e as obras definidas no identificado proxecto que se enuncia a continuación, correndo sempre o Concello co seu financiamento, así como o mantemento das obras de PAVIMENTACIÓN DO CARRIL DE ACCESO AO APARCADOIRO (ECOPARKING PASEO MARÍTIMO)”.

Todas estas actuacións teñen un obxectivo común; englobanse nun mesmo tratamento de zonas axardinadas, de lecer e espallamento ou de uso peonil.

2. Así mesmo, ademais de manter en adecuadas condicións de limpeza e hixiene as obras a realizar, o Concello deberá asumir as seguintes tarefas:

– Tendo en conta que quen promove a execución das obras autorizadas e ostenta a Dirección Facultativa é o Concello, este vense obrigado, una vez rematen as obras, á súa conservación, reparación, mantemento, limpeza e reposición das devanditas obras conforme se definen estas no proxecto “PAVIMENTACIÓN DO CARRIL DE ACCESO AO APARCADOIRO (ECOPARKING PASEO MARÍTIMO)”, asinado en setembro de 2018 por D. Torcuato Gómez Gómez, así como dos elementos de mobiliario urbano definidos no identificado proxecto, así como dos non contemplados neste e que encóntrense deteriorados.

- A manter as condicións estéticas da urbanización do porto, polo que deberá prestar atención a que a reposición de pavimentos se realice de xeito completo, abranguendo toda a calzada no caso de que sexa necesario. A velar para que a reposición dos pavimentos iguallen ou superen as actuais prestacións en canto a calidade e dimensionamento (espesores, composición, densidades, etcétera), tendo en conta ademais a sinalización viaria final dos pavimentos que se repoñerán.

– As obras non poderán condicionar a normal explotación portuaria, polo que se compromete a garantir en todo momento a normal explotación portuaria, no relativo á incidencia dos traballos no porto, en especial no referente á entrada e saída dos vehículos do tráfico portuario.

– Garantir a reposición dos servizos afectados sen que se interrompa o servizo subministrado. Velar porque existan as máximas medidas de seguridade para evitar calquera tipo de polución ou contaminación tanto na zona portuaria coma nas proximidades, quedando expresamente prohibido o vertido de residuos ao mar, debendo cumprir en cada momento coa normativa vixente nestas materias.

O financiamento, execución e mantemento das obras, medidas correctoras e demais actuacións ambientais, particularmente as de dinámica do litoral e de seguridade marítima, que se deriven do funcionamento operativo destas zonas de esparcemento conforme aos termos que se resulten da tramitación ambiental, urbanística e portuaria.

Ao mantemento e reposición dos elementos estruturais que conforman esta zona de interconexión porto-cidade.

Ao mantemento e reposición das sinais de circulación, tanto verticais coma horizontais (pasos de peóns, liñas viais, etcétera) que sexan afectados polo acondicionamento.

Tendo en conta a natureza dos terreos da zona de dominio público portuaria, deberanse velar porque os procedementos construtivos sexan axeitados e as medidas de seguridade co fin de evitar calquera dano as persoas, edificacións e instalacións existentes.





Ao mantemento e reposición das fontes de luz de alumbrado e sinalización, así como o aboamento das facturas dos consumos eléctricos destas instalacións.

Portos de Galicia non será responsable en absoluto de calquera dano ás persoas ou cosas que poidan producirse como consecuencia das obras autorizadas.

Calquera modificación das obras solicitadas, así como a execución de obras non contempladas nas solicitudes do Concello, ou calquera modificación das actuacións durante a explotación das instalacións requirirá a previa autorización de Portos de Galicia.

As obras executaranse baixo a vixilancia e supervisión da Xefa da Zona Centro de Portos de Galicia por canto ás competencias de Portos de Galicia se refire.

Unha vez rematadas as obras e antes da súa recepción polo Concello de Noia, este comunicará a Portos de Galicia a finalización, requiríndolle para que as examine e preste a súa conformidade ou desconformidade con elas. O Concello deberá remitir á Zona Centro de Portos de Galicia, planos topográficos coa situación exacta das obras realizadas, indicando as pendentes das mesmas así como as seccións tipo.

En caso de desconformidade de Portos de Galicia coa execución das obras, o Concello de Noia deberá proceder á súa costa ás correccións que lle indique Portos de Galicia.

4. O Concello de Noia expedirá, así mesmo, todos os permisos e autorizacións que fosen necesarios para a execución das obras sen cargo algún para Portos de Galicia nin do Concello de Noia nin de outras Administracións. O Concello obrígase tamén á realización das xestións pertinentes ante os organismos que correspondan, para a obtención dos permisos, licenzas e autorizacións regulamentarias, correndo da súa conta os custos que se xeren, mesmo ás liquidacións tributarias a que puideran dar lugar a execución das obras.

5. A asumir o custo da conservación, mantemento, limpeza e, no seu caso, mellora das obras referidas e a licitación, contratación e execución das obras necesarias para tal efecto.

Calquera obra de reparación, conservación e mellora que o Concello de Noia pretenda levar a cabo nas obras, esixirá a conformidade previa de Portos de Galicia.

6. A entregar a Portos de Galicia-Xunta de Galicia, gratuitamente e libre de cargas e gravames, a propiedade das obras do proxecto de referencia na parte en que son executadas en dominio público portuario, quedando estas, de pleno dereito e por efecto directo deste convenio, incorporadas ao tal dominio público portuario de Noia, adscrito para a súa xestión a Portos de Galicia.

7. Ante una posible modificación das características e dimensións das instalacións portuarias, e se por parte de Portos de Galicia se considerase necesario modificar as características da actuación, as obras necesarias serían executadas e abonadas polo petionario, seguindo en todo momento as directrices de Portos de Galicia.

TERCEIRA. COMPROMISOS DE PORTOS DE GALICIA

Portos de Galicia asume as seguintes obrigas:

1. A levar a cabo a obra “PAVIMENTACIÓN DO CARRIL DE ACCESO AO APARCADOIRO (ECOPARKING PASEO MARÍTIMO)”, en base ao proxecto técnico asinado en setembro de 2018





por D. Torcuato Gómez Gómez, por un presuposto xeral de execución material por importe de 39.755,00 euros, IVE Excluído.

2.-Autorizará a execución das obras obxecto deste convenio, reflectidas no plano que se acompaña, podendo supervisar en calquera momento a súa execución, e de detectar desviacións ou deficiencias nas obras, requirirá ao Concello para que as corrixa.

3.- Autorizaralle ao Concello para a intervención nos terreos que ocupan as obras para que faga fronte ao cumprimento das obrigas derivadas deste convenio. A devandita intervención do Concello nos terreos de dominio público portuario obxecto deste convenio, non implica a perda das facultades de xestión e explotación vencelladas aos fins de Portos de Galicia, nin supón cambio de titularidade ou cualificación xurídica dos bens obxecto de convenio.

A disposición dos terreos necesarios para a execución dentro do dominio público portuario das obras comprendidas nos proxectos ut supra identificado e solicitadas polo Concello, deberá ser certificada por Portos de Galicia e terá plena eficacia co levantamento da acta de comprobación do replanteo das obras. Para a plena eficacia da disposición dos terreos, deberá convocarse ao devandito acto de comprobación de replanteo a un representante de Portos de Galicia, e será preciso que o dito representante de Portos de Galicia asine a acta de conformidade.

CUARTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO.

Dentro do prazo de quince días a contar dende a data de asinamento deste convenio, crearase unha Comisión Mixta de seguimento e control da execución do convenio, que resolverá as controversias que puideran xurdir.

Serán funcións desta comisión:

- Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio naqueles aspectos técnicos obxecto deste, propoñendo aquelas actuación que se consideren precisas.
- Propoñer ás partes a resolución das posibles controversias que puideran xurdir na aplicación do presente convenio.

Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do presente convenio.

A Comisión de seguimento estará integrada por unha Presidencia, que recaerá no presidente da EPE Portos de Galicia ou persoa na que delegue, e por catro vogais, dous nomeados polo Concello de Noia, e dous nomeados pola EPE Portos de Galicia.

A este respecto, o nomeamento da EPE Portos de Galicia recae na Xefa de Zona Centro da entidade publica Portos de Galicia e o Xefe da Area de Infraestruturas, Medio Ambiente e Seguridade.

QUINTA. INEXISTENCIA DE RELACIÓN CONTRACTUAL

Este Convenio non supón asociación algunha ou dependencia entre o persoal dependente das partes asinantes, que actuarán de xeito absolutamente independente e autónomo, sendo obriga específica e exclusiva de cada unha delas, cumprir coas obrigas legais que como empregadores lles correspondan no desenvolvemento da súa actividade ao abeiro deste





convenio; deste xeito, a subscripción do convenio non comportará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre as partes asinantes e os profesionais e empresas que por conta destas desenvolvan as actividades obxecto do convenio, excluindo a posibilidade de esixir responsabilidades directas, indirectas ou subsidiarias polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

SEXTA. RESPONSABILIDADE FRONTE A TERCEIROS

1.- Fronte a terceiros: Habida conta dos riscos que se podan derivar na utilización das instalacións para o fin a que están destinadas, a EPE Portos de Galicia e o Concello de Noia responderán solidariamente dos danos que se deriven a terceiros polo cumprimento defectuoso das obrigas que asumen por medio deste convenio.

2.- A responsabilidade regulada nesta cláusula establécese nos termos do artigo 33 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

Ao abeiro do dito artigo 33.3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público, a competencia para instruír o expediente de reclamación patrimonial corresponderalle á EPE Portos de Galicia. En todo caso, o Concello de Noia terá a consideración de interesado nos procedementos administrativos de reclamación de responsabilidade patrimonial que se tramiten ao abeiro do previsto nesta cláusula.

SETIMA. PUBLICIDADE

En canto á publicidade, procederase de conformidade co mandato da Lei 1/2016 do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia e no Decreto 132/2006 do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia.

En virtude co disposto no parágrafo anterior, o Concello de Noia e a EPE Portos de Galicia consenten expresamente a inclusión e publicidade no devandito rexistro do convenio.

OITAVA. -CAUSAS DE RESOLUCIÓN.

1.- As dúbidas que se presenten na súa interpretación, en caso de discrepancias, serán resoltas, visto o informe da Comisión de Seguimento, pola Presidencia da EPE Portos de Galicia, poñendo fin á vía administrativa.

2.- Serán causas de extinción do convenio:

- A inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio por causas non imputables ás partes.
- O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a prórroga do mesmo.
- O acordo unánime de todos os asinantes.
- O incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

A este efecto o incumprimento poderá ser de carácter total ou parcial de calquera das cláusulas do convenio. Entenderase por incumprimento parcial aquel que implica en maior ou menor grado a non consecución dos fins propios do convenio ou impidan de xeito directo ou indirecto as actuacións previstas nel.





Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumplimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa conlevará a indemnización dos prexuízos causados, que taxaranse contraditoriamente polas partes.

- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

Cada unha das situacións descritas por sí soa é causa suficiente da resolución do convenio.

3.- No caso de extinción anticipada, por algunha das causas anteriores, e respecto ás actuacións en curso, a liquidación deste convenio axustarase ó que segue:

- Remataranse as obras orzamentadas e xa iniciadas que aínda estean sen rematar.
- De calquera xeito, e de selo caso, o concello de Noia antes da firma da acta de extinción por calquera causa, repoñerá o dominio público portuario nas condicións de operatividade en que lle foi entregado, en canto ao seu estado, uso e protección.
- No caso de que as obras non poidan iniciarse, deban suspenderse ou desistir de todo ou parte das mesmas por causa imputable ao Concello, este aboará as indemnizacións que correspondan.
- En todo caso con carácter previo á súa liquidación as partes poderán aprobar, a proposta da comisión de seguimento, a finalización de todas as actuacións fixando un prazo improrrogable para terminalas.
- O Concello de Noia resolverá a mutación demanial acordada a favor de Portos de Galicia, cesando a afectación dos bens de titularidade municipal ao servizo público portuario coa subscripción da correspondente acta.

4.- Sen prexuízo do anterior, o convenio, de acordo co art. 51 da Lei 40/2015 extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

NOVENA. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO

O presente convenio ten carácter administrativo e regularase polo establecido neste, e supletoriamente polos principios da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, sen prexuízo da aplicación dos seus principios e criterios para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse, consonte o establecido no artigo 4 da antedita lei, e pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector Público.

O desenvolvemento dos seus compromisos, obrigas e demais actuacións rexeranse polo establecido nas súas cláusulas.





DÉCIMA. VIXENCIA DO CONVENIO.-

Este convenio entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura, estendendo a súa vixencia por un período de 15 anos, que poderá ser obxecto dunha prórroga por un prazo de cinco anos máis.

No caso de extinción anticipada por causa de incumprimento dalgunha das partes, estarase ao previsto na cláusula Oitava.

UNDÉCIMA.- MODIFICACIÓN DO CONVENIO.

As modificacións formalizaranse mediante addenda a este convenio cos mesmos requisitos e condicións que para a aprobación do convenio.

Para cumprimentar o presente convenio en todas as súas partes subscribítese por triplicado exemplar, no lugar e data ao principio indicados.

O presidente de Portos de Galicia

O Alcalde Presidente do Concello de Noia

José Juan Durán Hermida

Santiago Freire Abeijón